



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 30 DE XUÑO DE 2025.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día trinta de xuño de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 20 DE MAIO DE 2025.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 20 de maio de 2025.

2.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.- Dase conta dos escritos presentados solicitando axuda económica.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan conceder as seguintes axudas:

- A Asociación Anasbabi Ciliopatías, axuda económica por importe de douscentos euros (200,00), para actividades da asociación.
- Á Comisión de Festas de Beade 2025, axuda económica por importe de cento cincuenta euros (150,00) para gastos das Festas de San Xoan 2025.

3.- FESTAS LOCAIS 2026.- Dase conta da comunicación da Dirección Territorial de Ourense da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, onde se establece o calendario laboral para o ano 2026 da Comunidade Autónoma de Galicia, debendo este Concello establecer os días para Festas Locais, inhábiles, retribuídos e non recuperables.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

a) Establecer como días para festas locais do municipio de Beade para o ano 2026 o 3 de febreiro, San Blas, e o 2 de xullo, Santa Isabel.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e dez minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.


O ALCALDE,
Asdo. Fernando Taboada Guntín.


O SECRETARIO,
Asdo. Pablo Fernández Loureiro